

MEMORIA DA PRESIDENCIA

Neste mandato 2019-2023, concédeseme a honra de presentar ante vostedes, representantes da cidadanía que conforman o Pleno da Corporación, un novo Proxecto de Orzamentos, neste caso para o vindeiro exercicio 2023.

Para a elaboración deste Proxecto de Orzamentos, a Deputación de A Coruña non foi allea ao novo contexto actual, continuando coa adopción de medidas extraordinarias inmediatas de contención do impacto económico e social, de apoio, en definitiva, aos concellos da provincia, que son os que estiveron e están en primeira liña da crise que aínda estamos a padecer.

A ocasión require unha sucinta referencia as principais accións que se emprenderán e desenvolverán no período 2021-2023, con especial atención, como non pode ser doutro xeito, as xa iniciadas no presente ano 2021, que tantos retos continuamos a afrontar como sociedade. Tamén considero necesario esbozar unhas ideas xerais sobre as políticas que se pretenden levar a cabo coas cifras que recolle este orzamento, no que se condensa o noso plan económico para o vindeiro ano.

PRIMEIRO.- RESUMO DO ANTERIOR MANDATO 2015-2019

No espazo dedicado a facer unha “*memoria telegráfica*” das accións que ocuparon o anterior mandato da Corporación Provincial no período 2015-2019, considero necesario facer tres apartados:

1.- Unha primeira área da actividade provincial é a relativa a dar continuidade e profundar en liñas de accións que constituíron a actividade anterior da Deputación:

- Plans provinciais:

Denominación do Plan	Aplicación Orzamentaria	Exercicio 2016		Exercicio 2017		Exercicio 2018		Exercicio 2019	
		Créditos Iniciais	Créditos Definitivos	Créditos Iniciais	Créditos Definitivos	Créditos Iniciais	Créditos Definitivos	Créditos Iniciais	Créditos Definitivos
C.E.L. Plan de Obras e servizos (POS+) Achega anticipada no exercicio anterior	0430/459/46201	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
	0430/459/76201	0,00	0,00	0,00	20.000.000,00	0,00	26.000.000,00	0,00	16.800.000,00
C.E.L. Plan de Obras e servizos (POS+) Achegas do propio exercicio	0430/459/46201	12.100.000,00	12.100.000,00	17.600.000,00	17.600.000,00	20.000.000,00	20.000.000,00	21.000.000,00	21.000.000,00
	0430/459/76201	12.100.000,00	12.100.000,00	14.900.000,00	30.900.000,00	6.500.000,00	22.500.000,00	5.500.000,00	44.500.000,00
C.E.L. POS Préstamo Provincial	0430/943/821.20	21.485.000,00	21.485.000,00	21.500.000,00	21.500.000,00	23.500.000,00	23.500.000,00	18.200.000,00	18.200.000,00
Total POS+		45.685.000,00	45.685.000,00	54.000.000,00	90.000.000,00	50.000.000,00	92.000.000,00	44.700.000,00	100.500.000,00
Plan de Conservación de vías provinciais	0410/4531/61900	11.700.000,00	11.700.000,00	7.900.000,00	8.650.000,00	7.900.000,00	8.400.000,00	8.000.000,00	8.000.000,00
Plan de Inversións de vías provinciais	0410/4531/60900	4.000.000,00	4.000.000,00	4.000.000,00	4.675.968,15	3.500.000,00	5.500.000,00	3.500.000,00	3.500.000,00
Plan de Travesías	0410/4533/60900	2.000.000,00	2.000.000,00	2.000.000,00	2.255.000,00	1.610.000,00	2.110.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00
Plan Sendas peonís	0410/4535/60900	2.500.000,00	2.500.000,00	2.500.000,00	3.250.000,00	1.610.000,00	2.610.000,00	1.650.000,00	1.650.000,00
Total Plans de estradas		20.200.000,00	20.200.000,00	16.400.000,00	18.830.968,15	14.620.000,00	18.620.000,00	14.800.000,00	14.800.000,00
Plan de Emprego Local (PEL)	... /24100/ ...	3.000.000,00	7.000.000,00	6.000.000,00	6.339.916,11	7.812.814,00	9.248.920,23	9.824.739,41	12.539.860,66
TOTAL DE TODOS OS PLANS		68.885.000,00	72.885.000,00	76.400.000,00	115.170.884,26	72.432.814,00	119.868.920,23	69.324.739,41	127.839.860,66

- Asistencia aos concellos da provincia nos ámbitos xurídico, económico, tributario, informático e urbanístico.
- Fomento dos servizos sociais, da cultura, do deporte, da lingua, etc..., tanto directamente dende a Deputación como en colaboración cos concellos ou outras entidades de titularidade municipal así como con entidades privadas sen ánimo de lucro.
- Actividades en colaboración con outras entidades públicas como o Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, a Fundación Axencia Enerxética Provincial (FAEPAC), o Consorcio Promoción Turística da Coruña, o Consorcio de Promoción da Música, etc...
- O sistema de información Europe-Direct.

2.- Un segundo apartado, que reflicte a posta en marcha de novos proxectos que se encontrarían pendentes de execución ou simplemente de finalización:

- Carril-bici metropolitano.

- Formación financiada polo Fondo Social Europeo (FSE) para a inserción laboral de colectivos con especiais dificultades.
- Implantación da Administración electrónica na Deputación e nos concellos.
- Programas de transparencia e de Protección de Datos.

3.- Un terceiro apartado que se refire a os novos proxectos, xestionados integramente neste mandato, que consideramos da máximo transcendencia:

- A definición, regulación e aplicación dun novo modelo de cooperación cos concellos da provincia, a través do Plan de Obras e Servizos POS 2016-2019.
- A elaboración e execución dun ambicioso Plan de Emprego Local 2016-2019.
- A aprobación dun Plan Director de Mobilidade 2018-2021.
- A definición e aprobación inicial da participación da Deputación en proxectos relacionados cos Camiños de Santiago.
- Os xeoparques.

SEGUNDO.- PROXECTOS ESTRATÉXICOS DESENVOLVIDOS NO PERÍODO 2019-2022

1) O Plan de Obras e Servizos dirixido aos concellos da provincia (POS +)

Neste Plan procuráronse distintos obxectivos:

- a) Reunir nun so fondo de financiamento municipal todas as accións, plans especiais e subvencións provinciais dirixidas aos concellos da provincia. Isto permite a aplicación de criterios obxectivos de asignación dos recursos dispoñibles, reduce os custos da xestión administrativa provincial e municipal, permite a programación temporal dos servizos e dos investimentos e mellora a transparencia na xestión pública local.
- b) O POS+ tamén permitiu converter aos concellos en protagonistas das súas decisións e da súa xestión, ao poder determinar coa maior autonomía posible o destino dos fondos que lles son asignados. Elimínase así o perverso paradoxo das subvencións finalistas nas que o ente concedente decide o seu destino e o concello pode ver como conta con recursos para unha finalidade non prioritaria mentres non pode abordar proxectos estratéxicos para a calidade de vida dos seus cidadáns.

Finalmente os recursos provinciais destinados ao POS+ alcanzaron neste período máximos históricos que permitiron aos concellos realizar obras municipais programadas, reducir ata eliminar o endebedamento con entidades financeiras e o seu custo, mellorar o período medio de pago aos seus provedores e atender os gastos correntes que resultan da prestación de servizos municipais esenciais e financiar con maiores recursos os servizos sociais municipais orientados aos cidadáns en situación máis vulnerable.

A creación do Plan Único no 2017 supuxo a multiplicación por 4 dos fondos que a Deputación achega aos concellos para financiar obras e servizos, pasando de 25 millóns no ano 2016 a 90 millóns. Hoxe os concellos coruñeses reciben entre 4 e 5 veces máis fondos que nos mandatos anteriores. A Deputación da Coruña investiu nos concellos máis de 500 millóns neste mandato e financiou máis de 3.000 obras.

ANO	A FONDO PERDIDO	A PRÉSTAMO	TOTAL
2017	66,5 M	21,5 M	90 M
2018	71,4 M	23,5 M	94,9 M
2019	81,2 M	18,8 M	100 M
2020	46,2 M	20 M	66,2 M
2021	84,1 M	5,5 M	89,6 M
2022	86,4 M	1,5 M	87,9 M

O seu carácter dinámico e adaptativo púxose a proba no período 2020-2021, no que o Plan Único mostrouse como unha ferramenta útil para encaixar as dificultades da pandemia e a crise da inflación. A través do plan foi posible dotar de recursos extra aos concellos para abordar o incremento de custos dos servizos municipais, mediante o POS COVID e o POS SOCIAL, e a revisión excepcional de prezos dos contratos de obras.

2) O Plan de Empreto Local (PEL)

Este Plan ten diferentes destinatarios e un fin común: Mellorar cuantitativamente e cualitativamente o emprego na provincia e fomentar a actividade económica e o emprendemento.

Os eixos do PEL deseñados para tal fin son os seguintes:

- a) **PEL-CONCELLOS:** Apoio aos concellos da provincia na creación de empregos para a prestación de servizos municipais básicos a través de axudas á contratación de persoas desempregadas en risco de exclusión laboral para a prestación de servizos municipais imprescindibles.
- b) **PEL-EMPRENDE:** Que contempla:
 - i) O fomento da creación de empresas mediante o apoio ao investimento en bens inventariables.
 - ii) A Rede Provincial de Espazos de Traballo Colaborativo: Un programa novidoso e único que supuxo a creación de 11 espazos temáticos de coworkings (Oleiros, Brión, Boiro, Carballo, Ames, Moeche, A Capela, Vedra, As Pontes, A Pobra e Santiago).
- c) **PEL-AUTÓNOMOS:** Na anualidade 2021 créase unha nova liña de axudas para sufragar as cotas sociais das persoas autónomas da provincia, o que supón o recoñecemento da especial importancia deste colectivo empresarial na creación de emprego, a dinamización económica nos concellos do rural e a fixación de poboación.
- d) **PEL-PEMES:** Esta liña trata de fomentar a inserción laboral nas empresas situadas en concellos de menos poboación (de menos de 20.000 habitantes), favorecendo o emprego estable e de calidade a nivel local. Estes programas de axudas á contratación para a creación, ampliación e mantemento do cadro de persoal de pemes e microempresas, subvencionan o soldo e a seguridade social para a contratación e mantemento do traballador durante un período máximo de 24 meses.
- e) **PEL-FINANZAMENTO EUROPEO:** Deseñáronse e presentáronse candidaturas ás convocatorias de programas de financiamento da Unión Europea que máis se adecúan aos obxectivos do PEL.

Os proxectos aprobados ata o momento son:

- i) EIXO "Estratexia de Inserción" (PO Emprego Xuvenil. FSE)
- ii) AMAdeira (Programa empleaverde. Fundación Biodiversidad. FSE)
- iii) PEL-Emprego Sostible no ámbito rural (Programa Operativo de Emprego, Formación e Educación (AP-POEFE. FSE)

- iv) PEL-Relevo (Programa Operativo de Emprego Xuvenil. FSE)
- v) PEL-Rurinnova (Programa Operativo de Emprego Xuvenil. FSE)
- vi) GEFRECON - Xestión forestal conxunta para a prevención de incendios en territorio (POCTEP)

Estes proxectos supoñen un investimento de 7.342.969,34 €, dos que 2.159.647,69 € son de fondos propios e 5.183.321,65 € son de financiamento europeo.

Os resultados do PEL, en datos, máis elocuentes que as palabras, son os seguintes:

- 5.376 empregos creados.
- 2.062 empresas novas apoiadas.
- 1.130 profesionais autónomos subvencionados.
- 4.472 subvencións concedidas a empresas afectadas pola pandemia ou polas consecuencias da invasión de Ucraína.
- Máis de 10.000 solicitudes de subvencións en trámite.
- Movilización de 105.977.514,62 € en programas de emprego entre 2016 e 2022.

3) Traballamos e dotamos de recursos a mellora continua dos servizos provinciais a favor dos concellos da provincia con proxectos de mellora continua en todos os ámbitos:

- Asistencia triburaria
- Asistencia xurídica
- Asistencia técnica, arquitectura e urbanismo
- Asistencia técnica-contable
- Asistencia técnica-informática e de sistemas
- Asistencia económica
- Apoio na tramitación de Fondos Europeos Next Generation

- 4) Como consecuencia do confinamento pola pandemia da Covid e, posteriormente, con motivo da alza súbita e significativa do prezo da enerxía, a institución provincial que presido foi quen de atender as necesidades de cidadáns de forma inmediata e moi áxil. Así tramitáronse **liñas de subvencións de emerxencia** a favor das persoas e dos sectores afectados por estas situacións

AXUDA	INVESTIMENTO	CONCEDIDAS
PEL-Reactiva I (fondo para os concellos)	9.949.470,39	88
PEL-Reactiva I (HOSTALARÍA)	3.958.500,00	2.639
MUR-Combustible	4.998.000,00	1.666
PEL-Concellos Orquestras e Verbenas	623.541,75	79
TOTAL	19.529.512,14	4.472

Grazas ao empeño de todos, políticos e funcionarios, conseguíuse tramitar esta achegas en tempo de marca, nalgúns casos en menos de 24 horas.

- 5) **A área de servizos sociais** ten sido un dos ámbitos fundamentais de actuación deste mandato. Nos últimos anos, incrementáronse nun 137% os investimentos en benestar social. O programa de servizos sociais comunitarios (SAF) pasou de 4 millóns no 2015 a 8,3 millóns no 2022, financiando 386.000 horas. Tamén incrementamos os profesionais contratados nos concellos pasando de 90 a 177, e aumentaron de 196 a 273 as entidades sociais que recibiron apoio económico da Deputación Provincial.

- 6) Puxemos todo o noso empeño en **acceder nas mellores condicións posibles aos Fondos Europeos dispoñibles**. Particularmente procuramos que a Deputación o os concellos poidan aproveitar todas as oportunidades. Para tal fin leváronse a cabo numerosas actividades:

- a) Creación dunha **Oficina de Información e asesoramento para acceder aos Fondos Next Generation**. Trátase do primeiro centro de Galicia especializado na captación de fondos Next Generation para os concellos. Así, dende o inicio da súa actividade no mes de marzo do presente ano lévanse analizado e informado sobre un total de 70 asesoramentos especializados; realizando máis de 20 visitas directas, persoais e presenciais a concellos para a identificación dos seus intereses; ou

realizado máis de 820 accións de información e asesoramento a concellos, entidades, empresas ou particulares,... xa que o servizo de información e asesoramento sobre fondos Next Generation non se limita exclusivamente a concellos, senón que tamén se ofrece ás empresas e á cidadanía interesada. A finais deste exercicio 2022 teranse mobilizado a través da oficina máis de 10 millóns de euros dos fondos Next Generation para a nosa provincia.

- b) Tramitación de numerosas solicitudes que xa se materializan en resultados prácticos en forma de proxectos con financiamento confirmado: Oficina Acelera Pyme, IOAE, ...
- c) Convenios con outras Administracións Públicas para a obtención e/ou xestión de Fondos Next Generation.

7) Por último hai que destacar a **aposta neste mandato polo rural**. Todas as actuacións mencionadas teñen un nexo común que é a aposta polo rural, un rural vivo, con infraestruturas, emprego e servizos de calidade. Estamos a dar un paso máis e, fronte a outras administracións, amosamos o noso compromiso, con feitos, e iniciamos nesta legislatura a descentralización de oficinas e centros de dinamización empresarial (OFICINA Capela e Acelera Pymes).

Todos estes programas e actuacións veñen a poñer de manifesto, que é posible outra forma de gobernar. A Deputación da Coruña, unha institución bicentenaria, foi capaz neste mandato de dar un salto cualitativo e ofrecer unha resposta áxil as necesidades de cidadáns e concellos ante unha das crises máis graves das últimas décadas.

TERCEIRO.- O ENTORNO ECONÓMICO E SOCIAL XERAL

O ano 2021 estivo marcado pola recuperación económica tras a pandemia da COVID-19. A economía española foi saíndo da crise causada pola pandemia de forma moi diferente as crises económicas anteriores, grazas á diferente resposta de política económica, orientada no caso europeo ao mantemento da actividade, a recuperación da inversión, o emprego e as rendas das familias, un cambio de orientación que se traduxo nun forte crecemento económico en menos de dous anos.

No caso español as medidas de política económica adoptadas no bienio 2020-2021 como os ERTE e os avais ICO, a prestación extraordinaria por cesamento da actividade aos traballadores autónomos e as axudas directas a empresas, permitiron alcanzar a senda da recuperación económica en breve prazo, e ademais facelo da forma máis xusta e sostible.

En 2022 este proceso de recuperación e crecemento económico viuse afectado pola invasión de Ucraína por parte de Rusia, que alterou considerablemente o contexto xeopolítico e económico. O conflito bélico impactou de cheo nas perspectivas económicas da Unión Europea en termos de menor crecemento económico e maior inflación e incerteza.

No que respecta a 2023 todos os organismos coinciden en pronosticar para a economía española, un menor crecemento do PIB debido a:

- Os altos prezos da enerxía e os riscos de subministración de gas á Unión Europea.
- Un endurecemento das condicións monetarias, cunha subida dos tipos de xuro máis rápida da prevista.
- Unha previsible desaceleración económica a nivel global e para a zona euro, que afectará negativamente á demanda exterior da economía española.

Destas consideracións poden extraerse algunhas conclusións relevantes para a actuación pública no eido local:

- Estamos inmersos nunha crise inflacionista sen precedentes con consecuencias inmediatas na vida dos cidadáns e para a xestión das administracións públicas.

- Pese ao escudo social despregado, é previsible que as diferenzas económicas, sociais, educativas, rexionais e interpersoais se incrementen; de tal modo que, algúns territorios e numerosas persoas poidan verse en situacións de extrema necesidade vital. É necesario e prioritario atender as súas necesidades e procurar un reparto equitativo das consecuencias da crise inflacionista.
- Todos os sectores da actividade económica están a experimentar transformacións aceleradas e transcendentales. É necesario avanzar na transformación dixital e na innovación para o desenvolvemento do noso territorio e gañar futuro.
- Tras o desencadeamento do conflito entre Rusia e Ucraína, os esforzos en prol de gañar autonomía enerxética e reforzar o despregamento das enerxías renovables intensificáronse no seo da Unión Europea para converterse agora nunha prioridade estratéxica.
- É preciso continuar avanzando nun modelo de crecemento sostible que non perda de vista os obxectivos da Axenda 2030.
- Neste momento mais que nunca debe prestarse atención ao equilibrio entre os territorios, á despoboación e ao acceso en condicións de igualdade aos servizos públicos, máis aínda nun contexto de previsible crise alimentaria.
- A actuación necesaria para paliar as extraordinarias consecuencias da situación exposta require dunha acción inmediata, decidida e coordinada de todos os axentes económicos e sociais, públicos e privados, nacionais e internacionais e a mobilización de todos os recursos técnicos e financeiros dispoñibles, cos que paliar as consecuencias da inflación, repartir o seu custo, atender aos máis desfavorecidos e por as bases do crecemento sostible no futuro.

OS RETOS PARA AS ENTIDADES LOCAIS

No marco económico-financeiro e social sucintamente exposto, as entidades locais teñen o desafío de lograr con limitados recursos facer fronte ás necesidades e demandas dos seus habitantes, así:

- Algúns servizos públicos municipais acentuarán o seu carácter deficitario pola minoración dos ingresos e polo aumento dos gastos debido aos efectos da inflación. Compre recordar, por outra banda, as limitacións que unha década de constrinximento sobre todo en materia de persoal provocan na atención dos cidadáns. Neste contexto é previsible que se incrementen as diferenzas entre concellos.
- É previsible que os concellos vexan reducida a súa capacidade de inversión como consecuencia do notable incremento dos prezos.
- A crise sanitaria anterior e a crise de prezos actual acentúan as necesidades de solidariedade e atención aos sectores da poboación máis vulnerables ou máis afectados pola súas consecuencias para os sectores económicos e o emprego.
- Adquiren unha singular relevancia os obxectivos vinculados ao fomento do emprego, á cohesión territorial e á igualdade de xénero, ao cambio climático e á transición ecolóxica xusta e responsable, ao aforro e a eficiencia enerxética, á transformación dixital e ao mantemento dun tecido produtivo equilibrado e competitivo.
- Por outra banda, constitúe un reto ineludible pero de gran dificultade para as entidades locais propor proxectos que obteñan o financiamento do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PERTE) a través do Fondo Next Generation EU.

A Deputación Provincial da Coruña, como administración pública de carácter territorial conformada pola agrupación dos 93 concellos da provincia, continúa coa súa liña de traballo poñendo a súa primeira e máis importante atención para que nese nivel municipal o conxunto da veciñanza se sinta ben atendida no tocante ás infraestruturas e prestacións de servizos básicos de competencia local tendo en conta o contexto socioeconómico exposto. Conscientes de que esa é a nosa primeira responsabilidade, presentamos estes orzamentos, que veñen marcados por un entorno do que cómpre salientar cinco notas fundamentais:

1. Para afrontar a actual situación excepcional, segue a ser necesario adoptar dende a Institución Provincial medidas urxentes extraordinarias que poidan axudar a facer fronte ao impacto económico e social derivado da situación exposta.
2. A xestión económica pública neste período segue certamente limitada por un balance fiscal deficitario e polo crecemento da débeda pública, que marca o máis alto nivel na nosa historia, no entorno do 122 % do Produto Interior Bruto no segundo trimestre do ano. As administración locais, no seu conxunto, apártanse desta tendencia e xa pecharon os últimos exercicios con superávit, o que pon de manifesto a responsabilidade coa que xestionan, en xeral, os gobernos locais.
3. Asemade, para a elaboración da nosa planificación, neste exercicio non temos aprobada a Lei de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2023, en plena tramitación, documento esencial para orientar as decisións das restantes administracións públicas e para aclarar as posibles incertezas relevantes para todos os axentes económicos e sociais. As previsións dos ingresos e gastos máis relevantes deste Proxecto de Orzamentos veñen determinadas sobre a base das previsións estatais.
4. O Equipo de Goberno da Deputación Provincial da Coruña é consciente da importancia do orzamento como instrumento para a correcta xestión dos servizos provinciais e para a actuación dos concellos da Provincia nun período certamente dificultoso. Por iso, entende que é unha decisión estratéxica abordar a elaboración deste importante documento para que entre en vigor no mes de xaneiro.

CUARTO.- PROXECTO DE ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2023

Con tal afán, mantendo a continuidade na política de rigor e contención do gasto corrente, enuméranse de seguido algún dos fundamentos dos que se partiu para a cuantificación dos distintos capítulos de gastos e ingresos do orzamento:

A) PREVISIÓNS DE INGRESOS

- 1) No exercicio 2023 non se contempla ningunha operación de crédito e non é precisa dotación algunha para intereses ou amortizacións ao non existir débeda con entidades financeiras. Isto supón manter a situación de débeda "cero" e, por tanto, non trasladar ao futuro o custo financeiro dos investimentos do presente. Esta circunstancia é especialmente relevante nun contexto de alza acelerada dos tipos de xuro, e debe poñerse en contraste con outras administracións como a Xunta que prevé inicialmente neste ano un incremento do 49% dos custos da débeda, previsión inicial que, de seguro, se verá superada nos próximos meses.
- 2) O concepto de ingresos de máis importancia tanto en termos absolutos como relativos é o apartado xenérico de participación nos tributos do Estado que non experimenta incremento significativo respecto da previsión inicial dos últimos exercicios. Nas previsión por este concepto é preciso deducir o resultado das liquidacións definitivas dos exercicios 2008 e 2009 cuxa evolución segue afectando á sustentabilidade da facenda provincial. Neste apartado cabe significar a proposta contida no Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado de compensar ás entidades locais pola liquidación negativa da participación nos ingresos do Estado do exercicio 2020 no importe que correspondería devolver no exercicio 2023.
- 3) No apartado dos recursos propios provinciais destacan tres realidades que son significativas neste momento:
 - a) Adoptouse unha vez mais, o acordo de manter as tarifas das taxas e prezos públicos provinciais, o que de feito supón practicamente manter a capacidade de financiamento actual dos servizos provinciais, que é moi inferior ao seu custo real e efectivo.

- b) Propoñémonos manter a porcentaxe para determinar a entrega a conta aos concellos que nos encomendaron a recadación dos seus tributos no 98% da súa recadación previsible. Desta forma os concellos usuarios dos servizos de xestión, recadación e inspección tributaria provincial disporán mensualmente dun anticipo a conta da recadación dos seus tributos ou, o que é o mesmo, disporán dunha operación de tesourería sen custo financeiro algún que lles permitirá:
 - i) Estimar con precisión as súas cobranzas mensuais.
 - ii) Elaborar o seu Plan de Disposición de Fondos.
 - iii) Atender con puntualidade as súas obrigacións de pago.
 - c) Neste sentido tamén se mantén o adianto do 50% do importe das subvencións provinciais a concellos con motivo da adxudicación ou iniciación efectiva das obras ou actividades subvencionadas.
 - d) Tamén se anticipará aos concellos que opten por dedicar total ou parcialmente a súa asignación no POS+ a gasto corrente o 100% do importe que decidan, para financiar o funcionamento operativo dos servizos municipais obrigatorios.
 - e) Mantense a aplicación do ámbito de xestión provincial para permitir a instrución e recadación das sancións municipais en materia de tráfico como un servizo mais aos concellos da provincia que delegaron este labor para aproveitar as vantaxes operativas que comporta un servizo de ámbito provincial para esta finalidade. Tamén se dedican novos recursos á revisión e actualización de valores catastrais naqueles termos municipais nos que transcorreu máis tempo desde a última actualización. Así mesmo, están a facerse xestións para ampliar substancialmente os recursos humanos e materiais destinados á xestión do Imposto de Bens Inmóveis, á Atención Persoal ao Contribuínte e á Información Catastral, co obxecto de optimizar os seus labores.
- 4) Como consecuencia da aposta estratéxica de optar aos Fondos Europeos Next Generation UE, consígnanse ingresos por este concepto por un importe total de 6.198.080,00 €. Esperamos, e traballaremos intensamente por conseguir incrementar este importe inicial substancialmente, tanto en proxectos provinciais como en proxectos municipais ou supramunicipais. Para tan fin creouse no termo municipal da Capela unha oficina de información e xestión de fondos Next Generation a que xa me referín.

- 5) Non se contempla ingreso algún pola participación nos tributos da Comunidade Autónoma. En efecto, como é sabido, a actual regulación do Fondo Galego de Cooperación Local non contempla ás Deputacións Provinciais entre os seus destinatarios. É a miña obrigación institucional manifestar, unha vez máis, que se está incumprindo, ao meu modo de ver, o mandato contido no artigo 142 da Constitución Española.
- 6) Para a confección deste Proxecto orzamentario, tense partido dunha estimación moi realista e aplícanse as seguintes referencias de estabilización automática:
- a) Se os ingresos acreditados ata o 30 de setembro de 2023 pola participación nos tributos do Estado permitisen estimar fundadamente unha maior recadación durante o exercicio, incrementarase as dotacións destinadas aos concellos no importe correspondente, sempre que os restantes conceptos de ingreso se vaian realizando con normalidade. Se ditos ingresos foran inferiores aos estimados terán que realizarse os axustes correspondentes nas partidas de gasto reducibles sen perturbación dos servizos esenciais.
 - b) Se a liquidación do Orzamento de 2022 presenta un saldo positivo do Remanente de Tesourería dispoñible para novos gastos, destinarase o seu importe a novos proxectos estratéxicos a incrementar o orzamento do Plan provincial POS + 2023 dirixido aos concellos da provincia para atender investimentos financeiramente sustentables vinculados aos gastos dos servizos municipais esenciais.
 - c) As economías de adxudicación obtidas nos Plans Provinciais reinvestiranse no concello correspondente na súa totalidade.
 - d) O 75 % do importe do Fondo de Continxencia que non se teña utilizado a 1 de outubro de 2023, destinarase a novos gastos de investimentos financeiramente sustentables, sempre que as condicións de estabilidade orzamentaria así o permitan.
 - e) Os Plans Provinciais que se dotan inicialmente financiaranse integramente con recursos propios e poderán aprobarse tan axiña como se dispoña da documentación municipal necesaria.

Dende logo que segue a ser unha prioridade deste Equipo de Goberno realizar un gasto responsable e, como consecuencia disto, non se gastará máis do que nos permiten os nosos recursos dispoñibles, a pesar da suspensión temporal da aplicación das regras fiscais.

B) PREVISIÓNS DE GASTOS

A Deputación da Coruña está a traballar na elaboración da estratexia "**Coruña Futuro**" que implica o deseño dun marco de acción verdadeiramente actualizado e adaptado á realidade provincial, que non deixe a ninguén atrás e dotado de políticas públicas que fomenten a cohesión do territorio, que favorezan o benestar das persoas, que estimulen a innovación e o emprego, ao tempo que incorporan unha visión transversal de sustentabilidade na tripla dimensión: económica, social e ambiental.

Un marco de referencia, polo tanto, que se identifica e considera como marco de referencia principal da Axenda 2030 e que persegue trasladar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) ás circunstancias do noso territorio tendo en conta os ámbitos competenciais das administracións locais, co obxectivo de continuar mellorando a calidade de vida da nosa cidadanía e impulsar o desenvolvemento económico, social, cultural e ambiental da provincia. Podemos sinalar como eixos de actuación desta estratexia provincial "Coruña Futuro" os seguintes:

- A xeración de riqueza, o apoio ao tecido productivo e ao emprendemento.
- Favorecer a cohesión e o equilibrio territorial e social grazas a unha adecuada dotación de infraestruturas e servizos en todo o territorio, capaz de garantir a sustentabilidade ambiental, o benestar social, e a igualdade de xénero e de oportunidades.
- A loita contra o despoboamento.
- A transformación dixital da administración e das empresas, e a inclusión dixital da cidadanía.

- A aposta pola innovación e a atracción do talento.
- A protección do patrimonio cultural.
- A extensión da protección social.
- A loita contra a desigualdade.

Todos estes obxectivos concréntanse e materialízanse nas propostas contidas no estado de gastos do orzamento provincial para o exercicio 2023 que podemos sintetizar nos seguintes apartados:

- 1) Continuaremos a execución de programas xa iniciados e que consideramos nestes momentos do máximo interese:
 - a) O Plan de Infraestruturas Provinciais que terá un incremento do 2,6 % (433.500,00) no orzamento de 2023 e que inclúe:
 - i) Plan Integrado de Seguridade Viaria en Vías Provinciais, a través de sendas peonís e travesías.
 - ii) Plan de Conservación e Investimentos en estradas provinciais.
 - iii) Plan de Mobilidade Ciclista da Provincia da Coruña.
 - b) O Plan de Obras e Servizos Municipais POS+ 2023, que tamén incrementa significativamente os importes da súa dotación. Segundo esta dotación inicial o Servizo de Xestión de Plans disporá dun crédito total de 24.500.000,00 €, un 13,95 % máis que no exercicio anterior, aos que hai que engadir os 15.500.000,00 € incluídos no EMC 6/2022 como achega anticipada ao POS+ 2023. Un ano máis inclúese a maiores unha dotación de 7.000.000,00 € para unha liña específica denominada POS+ social cuxa finalidade é reforzar os servizos sociais municipais.
En total o POS+ 2023 contará inicialmente con 47.000.000,00 €.

- c) O Plan de Emprego Local (PEL) para apoiar a xeración de emprego e o tecido empresarial.

A través deste plan, a Deputación foi capaz de adaptarse rapidamente a situacións excepcionais derivadas da pandemia e invasión de Ucraína mediante a mobilización de recursos propios. Concretamente, no que se refire aos exercicios 2020-2023 os fondos destinados ao PEL incrementáronse nun 76 % pasando de 9,1 millóns a 16 millóns. Nesta exercicio 2023 tamén se incrementan os recursos destinados a emprego nun 2,5%.

ORZAMENTO 2022	INICIAL	DEFINITIVO
PEL-CONCELLOS REACTIVA	3.000.000,00	4.310.000,00
PEL-EMPRENDE	4.350.000,00	5.824.676,53
PEL-PEMES	4.500.000,00	5.205.701,19
FINANCIAMENTO EUROPEO	425.000,00	4.474.124,57
XESTIÓN	300.000,00	361.000,00
TOTAL	12.575.000,00	20.175.502,29

ORZAMENTO 2023	INICIAL
PEL-CONCELLOS	3.000.000,00
PEL-EMPRENDE	4.630.000,00
PEL - PEMES	4.500.000,00
FINANCIAMENTO EUROPEO	425.000,00
XESTIÓN	335.000,00
TOTAL	12.890.000,00

ORZAMENTO PEL 2016-2022	
ORZAMENTO PEL 2016-22 INICIAL	58.609.224,72
ORZAMENTO PEL 2016-22 DEFINITIVO	105.977.514,62

Igualmente continuarase no próximo exercicio co novidoso e exitoso programa da **Rede Coworkings Provinciais**, que contan cun total de 11 centros, que xa permitiu

dar cobertura a máis de 200 emprendedores e emprendedoras. No 2023 incluíranse fondos para a posta en marcha de novos coworkings nas tres cidades para os que xa se anticiparon no EMC de outubro achegas por valor de 1,5 millóns de euros, a vez que se contemplan 275.000,00 € nos orzamentos destinados a axudas para a dinamización dos centros xa existentes na rede.

Nunha primeira aproximación destinaranse no exercicio 2023 a estes plans mencionados un importe total de 74.695.000,00 € co seguinte detalle:

DOTACIÓN ORZAMENTARIA DOS PLANS PROVINCIAIS NO EXERCICIO 2023	
DENOMINACIÓN DO PLAN	IMPORTE
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS) Achega anticipada 2022	15.500.000,00
C.E.L. PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (POS+ 2023)	24.000.000,00
C.E.L. POS+ PRESTAMO PROVINCIAL 2023	500.000,00
C.E.L. POS+ SOCIAL 2023	7.000.000,00
PLAN DE CONSERVACION DE VIAS PROVINCIAIS	10.200.000,00
PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS	1.695.000,00
PLAN DE TRAVESIAS	1.130.000,00
PLAN DE SENDAS PEONÍS	1.130.000,00
PLAN PROVINCIAL DE ESTRADAS A TRANSFERIR	650.000,00
PLAN DE EMPREGO LOCAL (PEL) 2023	12.890.000,00
TOTAL PLANS	74.695.000,00

- 2) Destinaranse importantes recursos aos plans provinciais e aos convenios para investimentos municipais para mellorar as estruturas e servizos municipais que tan directamente afectan ao benestar cidadán.
- 3) Refórzase a **Promoción Económica e o Turismo** cuns incrementos do orzamento que supoñen un 13,44% respecto do ano 2022. Mantéñense as liñas de promoción dos

sectores primarios: agricultura, gandería, pesca, enerxías renovables, ... e créanse novas iniciativas destinadas á promoción do produto autóctono da provincia.

No eido da protección contra os incendios mantense o financiamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña cunha achega de 3.730.262,76 €.

Incrementábase en 300.000,00 € a achega aos GES na que queda incorporada a achega ao grupo de emerxencias do Concello de Noia; e xa se previron neste exercicio os custos da comarcalización do Parque de Bombeiros de Compostela.

A aposta da Deputación da Coruña polo desenvolvemento turístico sostible basease na execución de tres Plans de Sostibilidade Turística en Destino (PDTD) concedidos a través de fondos Next Generation UE (Proxecto Xeoparque Cabo Ortegal, Proxecto Fragas do Eume, Proxecto Os Fogóns do Anllóns, ...)

- 4) Realízase un importante esforzo no **eido social para** reforzar os servizos municipais, apoio ás asociacións e entidades prestadoras destes servizos e atender as situacións de emerxencia social.

Incrementábase o gasto social nun 7,6% con respecto ao orzamento de 2022 ate chegar aos 22.875.500,00 €. Cotéplase nestes orzamentos 1.000.000,00 € para unha nova liña destinada a entidades socias para a dotación de infraestruturas estratéxicas.

- 5) Tamén se incrementan os recursos destinados a outros programas que consideramos prioritarios e preferentes, como a **promoción da igualdade**, que aumenta un 31% respecto ao pasado exercicio, e o **fomento da lingua galega** que incrementa a súa dotación nun 2,48 %.

- 6) Prestarase especial atención no vindeiro exercicio á **protección do patrimonio da provincia**, continuando coa posta en valor dos proxectos do Megalitismo Costa da Morte, Compostela Rupestre e Idade de Ferro de Barbanza,... que se completarán con outros proxectos como a posta en valor do patrimonio histórico militar das Baterías da Costa Norte (Ferrol, Ares e Valdoviño) para os que se prevé unha partida de 1.000.000,00 €.

7) Destínanse 6.746.960,00 € a innovación e desenvolvemento territorial mediante a aposta polo **Proxecto Coruña Estudio Inmersivo**.

8) Insístese no carácter prioritario da **asistencia aos municipios** da provincia en materias xurídicas, económicas, técnicas e urbanísticas e de modernización administrativa a través dos recursos inicialmente asignados a estes servizos para o exercicio 2023.

9) Decidimos neste exercicio facer unha aposta decidida pola dixitalización da administración provincial e os concellos mediante a implantación da **Axenda Dixital Provincial**.

A Deputación da Coruña vén desenvolvendo unha estratexia dixital que pon o foco nos servizos para os cidadáns mediante a transformación dos concellos da provincia cara ao modelo "Concello Dixital". Un modelo no que todos os cidadáns poden acceder aos servizos municipais de maneira sinxela, segura e inclusiva. Os cidadáns da provincia xa dispoñen, a día de hoxe, dunha gran cantidade de servizos municipais grazas a este esforzo conxunto entre Concellos e Deputación. Pero queda traballo por facer na capacitación dos empregados públicos e cidadáns, incluíndo aos colectivos máis desfavorecidos. Este é outro dos grandes retos, así como, seguir avanzando na transformación dos concellos. Para abordar estes retos a Deputación incrementa este ano os fondos nun 24 %. Ademais presentará a súa Axenda á convocatoria de axudas do Ministerio de Política Territorial, destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, para a que pretende obter unha contía máxima de 3.162.774,57 €.

10) En aplicación dos criterios indicados, no capítulo 1 de gastos de persoal recóllense as partidas necesarias para atender os compromisos e acordos adquiridos cos representantes do persoal funcionario e as que resulten das novas necesidades organizativas e operativas.

Nas previsións orzamentarias para o exercicio 2023 tomáronse en consideración as retribucións que resultan das previsións do Proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado para o 2023.

Tamén se contempla unha dotación adicional para a reasignación dos niveis de complemento de destino do persoal funcionario e outra para a creación de novos postos de traballo co fin de ampliar os servizos e actividades a favor dos concellos. Esta situación supón un extraordinario esforzo de contención do gasto de persoal e unha optimización dos recursos dispoñibles.

11) Os destinatarios máis relevantes dos recursos provinciais son:

- a) Os concellos da provincia a través do POS+ 2023, do PEL concellos 2023 e das subvencións para investimentos en materia de servizos sociais.
- b) As empresas, os emprendedores, os autónomos e os traballadores a través do PEL e as súas diferentes liñas de actuación.
- c) Os servizos sociais municipais, provinciais e realizados a través de entidades sen ánimo de lucro (cociñas económicas, bancos de alimentos, atencións de emerxencia social, etc.) e os cidadáns.
- d) As actividades culturais, deportivas, de educación e ensino da provincia.

12) Non pode finalizarse este breve comentario sobre os gastos provinciais do exercicio 2023 sen manifestar que o crecemento dos gastos correntes (capítulo I e II) está xustificado polas seguintes consideracións:

- a) Non todos os gastos correntes son negativos nin todos os investimentos son positivos. Aqueles gastos correntes que atenden as funcións sociais básicas como educación, ensino, atención a dependentes, servizos sociais, sanidade, seguridade, igualdade, en fin, os directamente relacionados coa atención axeitada dos servizos sociais esenciais deben achegarse aos obxectivos de calidade e eficiencia social necesarios, e son en definitiva auténticas inversións para as persoas.
- b) A adecuación das condicións de traballo, a estabilización do emprego temporal e a procura da máxima profesionalización dos servidores públicos son requirimentos ineludibles dun Estado Social.

c) A evolución dos prezos da enerxía e dos bens e produtos necesarios para a prestación dos servizos.

13) Como é por todos sabido o Proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia non inclúe ás Deputacións Provinciais entre os destinatarios do Fondo Galego de Cooperación Local; mentres as diferentes normas autonómicas séguenlles atribuíndo competencias sen cuantificación e sen dotación orzamentaria. Tamén hai que dicir que este mesmo Proxecto de Lei de Orzamentos da Comunidade Autónoma non adecúa as asignacións aos concellos ás competencias que a normativa autonómica lles atribúe e á situación económico-financeira destes. Sirva de exemplo o seguinte cadro no que se recollen os custos e rendementos anuais dos servizos educativos e de protección a menores, que sendo competencia exclusiva da Comunidade Autónoma son prestados pola Deputación da Coruña. O importe anual destinado a estes servizos minora, evidentemente, os fondos asignados aos concellos da provincia.

CENTROS	2022			2023		
	C. iniciais	Rendementos	Diferenza	C. iniciais	Rendementos	Diferenza
F.I. Emilio Romay (23112)	3.307.973,48	340.000,00	2.967.973,48	3.545.252,74	354.000,00	3.200.252,74
C.D.M. de Ferrol (23113)	1.357.542,27	60.000,00	1.297.542,27	1.573.697,73	65.000,00	1.508.697,73
S. X. Centro Rosalía Mera (93365)	873.200,00	10.000,00	863.200,00	1.026.150,00	500,00	1.025.650,00
C.R.D. Rosalía Mera (23111)	311.993,38	25.000,00	286.993,38	336.153,20	48.000,00	288.153,20
IES Rosalía Mera (3241)	1.794.981,00	106.925,61	1.688.055,44	1.919.343,29	106.925,61	1.812.417,68
IES Puga Ramón (3242)	3.076.318,69	490.096,50	2.586.222,19	3.217.947,09	490.096,50	2.727.850,59
Conservatorio (3261)	764.323,09	32.000,00	732.323,09	791.250,01	27.000,00	764.250,01
TOTAL CENTROS	11.486.331,6	1.064.022,11	10.422.309,85	12.409.794,06	1.091.522,11	11.327.271,95

En virtude de canto se expuxo permítome afirmar, motivada e fundadamente, que estamos en presenza dun orzamento caracterizado polas seguintes notas:

- Rigoroso e respectuoso coas normas xurídicas e cos criterios económicos de suficiencia e sustentabilidade.
- Responsable co interese xeral presente e futuro.
- Austero e realista.
- Comprometido co benestar e calidade de vida dos cidadáns.
- Socialmente sensible e orientado ao emprego.
- Dinámico e adaptativo.

QUINTO.- ORZAMENTO DAS ENTIDADES DEPENDENTES

Para dar cumprimento ao disposto na normativa básica estatal únense ao Orzamento Provincial os dos entes adscritos: Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

A) O ORZAMENTO DO CONSORCIO

No proxecto de orzamentos para o exercicio 2023 incorpóranse os créditos necesarios para o financiamento da transferencia a prol do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Coruña, entidade na que a Deputación está asociada á Xunta de Galicia, financiando cada administración o 50 % do seu gasto, achegando cada unha 3.730.262,76 € para contribuír á loita contra os incendios e os seus efectos devastadores tan coñecidos pola sociedade galega e aos que resulta tan sensible calquera cidadán responsable.

As principais modificacións do orzamento do Consorcio Provincial Contra Incendios e Salvamento da Provincia da Coruña para o exercicio 2023 concréntanse en consolidar o cambio na forma de xestión e na aplicación dunha táboa retributiva única e común para todos os parques de bombeiros, que garanta a igualdade de todos os que realicen iguais tarefas e a seguridade xurídica de todos.

No pleno do Consorcio do 21 de outubro de 2021 adoptáronse decisións que terán unha importante repercusión na súa xestión. Entre estas actuacións débese destacar a aprobación dun Plan de Acción 2021-2022 que incorpora un Plan de Contratación para conseguir os ambiciosos obxectivos propostos no menor período de tempo posible.

Agora estamos inmersos na tarefa de establecer un modelo compartido e estable da xestión dos incendios nas provincias con varios eixos de actuación:

- Homoxeneización e actualización das funcións, tarefas e cometidos de cada posto de traballo.
- Adecuación das plantillas de efectivos.

- Valoración común dos postos de traballo para adecualos ás novas funcións, tarefas e cometidos.

A) O ORZAMENTO DA FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL (FAEPAC)

No proxecto de orzamentos para o exercicio 2023 incorpóranse os créditos necesarios para o financiamento da transferencia a prol da FAEPAC por importe de 229.973,48 €.

Ante o reto actual e futuro da enerxía, elemento esencial do custe do servizos públicos municipais e da actividade económica e familiar, propoñemos darlle un impulso esencial á FAEPAC, que actualmente desenvolve as seguintes actividades:

- a) Realización de estudos de planificación e programación para establecer un plan de actuación enerxética a nivel provincial.
- b) Favorecer a información sobre a enerxía ao público en xeral e formación sobre programas específicos de optimización e racionalización enerxéticos.
- c) Promover as actividades de certificación e de diagnose enerxética nos edificios e nas industrias.
- d) Fomentar a participación dos axentes locais en actuacións destinadas ao uso racional da enerxía.
- e) Fomentar o aforro da enerxía mediante a explotación eficiente dos recursos e do uso de tecnoloxías limpas.
- f) Fomentar a creación de axencias locais de enerxía.
- g) Impulsar a implantación de instalacións de enerxía renovable a través da investigación e da transferencia de coñecementos e experiencias.
- h) Asesoramento tecnolóxico e económico no deseño e realización de estudos e investimentos en instalacións e infraestruturas enerxéticas.

Por outra banda a FAEPAC, en colaboración coa Deputación, puxo en marcha un proxecto destinado á atención a cidadanía, particularmente no tocante ao aforro enerxético e á pobreza enerxética, para que as persoas nesa situación poidan acadar as

axudas e bonos eléctricos dispoñibles. Dito proxecto tivo un balance aproximado de 300 xestións.

Nesta momento estase a traballar nun deseño futuro, que terá o seu reflexo ao longo do exercicio 2023, para potenciar o seu labor e definir un Plan Estratéxico 2021-2023 que coincida co actual mandato corporativo e que paso por un inmediato convenio Deputación-FAEPAC no que se lle encomenda a xestión e tramitación necesaria para que as persoas en situación de pobreza enerxética poidan acadar as axudas e bonos eléctricos dispoñibles.

No futuro contemplamos a posibilidade de integrar a FAEPAC na Deputación e adscribir os seus traballadores a unha futura unidade de Asistencia Enerxética ás entidades locais da provincia.

SEXTO.- BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO PARA O EXERCICIO 2022

Pola súa banda, as Bases de execución do Orzamento manteñen unha estrutura similar ás do exercicio corrente e anteriores, téndose introducido algunhas modificacións para adaptalas ás novidades normativas. En síntese, a través das mesmas regúlanse as seguintes materias:

- 1) Previsións das estimacións de ingresos e gastos que se adecuarán ás que resulten finalmente da aplicación da Lei de Orzamentos xerais do Estado para o exercicio 2023.
- 2) Normas para adaptar a xestión de subvencións dirixidas a entidades públicas e privadas ás circunstancias económicas e financeiras do exercicio 2022 coas determinacións da Ordenanza xeral de subvencións e transferencias, para mellorar a súa xestión e implementar a xestión electrónica.
- 3) Regúlase, así mesmo, o Fondo de Continxencia Provincial dotado con 4.143.000,00 € para atender necesidades imprevistas non discrecionais durante o exercicio, e cuxo 75% dispoñible no día 1 de outubro poderá destinarse a novos investimentos financeiramente sustentables nas condicións que permitan as normas de aplicación.

Finalmente sinalar que tamén se inclúen distintas adaptacións de orde técnico noutras bases para adecualas aos requirimentos legais da xestión ordinaria.

SÉTIMO.- PROPOSTA DE ACORDO

En virtude do todo o exposto anteriormente, de conformidade coas atribucións legais da Presidencia nesta materia, propónse ao Pleno da Corporación, previo ditame da Comisión informativa de Economía e Facenda e especial de Contas, que adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o ORZAMENTO XERAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA para o exercicio 2023 por importe de 207.198.000,00 € e cuxo detalle é o seguinte:

CLASIFICACIÓN ECONÓMICA:

INGRESOS		GASTOS	
DEPUTACIÓN	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	23.274.380,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	55.178.051,03
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	17.682.900,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	35.391.933,54
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	12.160.788,35	III.- GASTOS FINANCEIROS	75.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	147.204.173,15	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	65.769.686,24
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	313.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	4.143.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	200.635.841,50	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	160.557.670,81
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	14.078,50	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	25.750.558,19
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.198.080,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.859.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	1.030.771,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.562.158,50	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	46.640.329,19
TOTAL ORZAMENTO	207.198.000,00	TOTAL ORZAMENTO	207.198.000,00

CLASIFICACIÓN FUNCIONAL:

ÁREA DE GASTO	Orzamento
1.- SERVICIOS PÚBLICOS BÁSICOS	3.120.765,00
2.- ACTUACIÓNS DE PROTECCIÓN E PROMOCIÓN SOCIAL	55.614.977,43
3.- PRODUCCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE	35.716.802,19
4.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO	61.905.093,01
9.- ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL	50.840.362,37
0.- DÉBEDA PÚBLICA	0,00
TOTAL ORZAMENTO XERAL	207.198.000,00

2º.- Aprobar igualmente as Bases de execución para o seu desenvolvemento.

3º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento inicialmente formado polo CONSORCIO PROVINCIAL CONTRA INCENDIOS E SALVAMENTO DA CORUÑA para o exercicio 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo 122.4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	8.416.017,00
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVICIOS	1.540.242,28
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	3.086.728,85	III.- GASTOS FINANCEIROS	2.000,00
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.460.525,53	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	511.995,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	10.547.254,38	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	10.470.254,38
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	77.000,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX. PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	77.000,00
TOTAL ORZAMENTO	10.547.254,38	TOTAL ORZAMENTO	10.547.254,38

4º.- Incorporar ao expediente orzamentario o orzamento/plan de actuación inicialmente formado pola FUNDACIÓN AXENCIA ENERXÉTICA PROVINCIAL DA CORUÑA (FAEPAC) para o exercicio 2022, para dar cumprimento ao establecido no artigo 132 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	IMPORTE	CAPÍTULOS	IMPORTE
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	0,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	175.985,21
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	0,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	102.801,95
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	14.080,60	III.- GASTOS FINANCEIROS	258,58
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	264.965,14	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	0,00
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	0,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	279.045,74	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	279.045,74
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	0,00	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	0,00
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	0,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	0,00
TOTAL ORZAMENTO	279.045,74	TOTAL ORZAMENTO	279.045,74

5º.- Aprobar o estado consolidado do Orzamento Provincial, co orzamento do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e co orzamento/plan de actuación da FAEPAC para o exercicio 2022, que presenta o seguinte resumo por capítulo:

INGRESOS		GASTOS	
CAPÍTULOS	CONSOLIDADO	CAPÍTULOS	CONSOLIDADO
I.- IMPOSTOS DIRECTOS	23.274.380,00	I.- GASTOS DE PERSOAL	63.770.053,24
II.- IMPOSTOS INDIRECTOS	17.682.900,00	II.- GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	37.034.977,77
III.- TAXAS PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS	15.261.597,80	III.- GASTOS FINANCEIROS	77.258,58
IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	150.969.427,58	IV.- TRANSFERENCIAS CORRENTES	62.321.445,10
V.- INGRESOS PATRIMONIAIS	313.600,00	V.- FONDO DE CONTINXENCIA E OUTROS IMPREVISTOS	4.143.000,00
TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	207.501.905,38	TOTAL OPERACIÓNS CORRENTES	167.346.734,69
VI.- ALLEAMENTO INVESTIMENTOS REAIS	14.078,50	VI.- INVESTIMENTOS REAIS	25.827.558,19
VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	6.198.080,00	VII.- TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	19.859.000,00
VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	350.000,00	VIII.- ACTIVOS FINANCEIROS	1.030.771,00
IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00	IX.- PASIVOS FINANCEIROS	0,00
TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	6.562.158,50	TOTAL OPERACIÓNS DE CAPITAL	46.717.329,19
TOTAL ORZAMENTO	214.064.063,88	TOTAL ORZAMENTO	214.064.063,88

6º.- Dispor a exposición ao público polo prazo de quince (15) días hábiles, mediante a inserción do oportuno anuncio no Boletín Oficial da Provincia para os efectos de reclamacións, conforme ao disposto no art. 169.1 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e art. 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, e se, ao remate do período de exposición non se tiveran presentado reclamacións, considerárase definitivamente aprobado, publicándose, resumido por capítulos no Boletín Oficial da Provincia, segundo establece o art. 169.3 do citado Texto refundido, consonte co art. 20.3 do R.D. 500/1990, do 20 de abril.

7º.- Unha vez aprobado o orzamento remitiranse copias do expediente á Administración Xeral do Estado e da Comunidade Autónoma, de acordo co disposto na normativa vixente.

8º.- O expediente orzamentario permanecerá a disposición pública no Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, na páxina de internet da Deputación e no Portal de Transparencia, en cumprimento do disposto na normativa estatal e autonómica de transparencia, bo goberno e acceso a información pública.

O Presidente,

Valentín González Formoso

(asinado dixitalmente)